PLAN ANUAL

CURSO 2026-2027

ESCOLA SUPERIOR DE
ARTE DRAMÁTICA
DE GALICIA

PLAN ANUAL 2026-2027

O Plan Anual da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia constitúe o documento operativo de referencia para a planificación, organización e desenvolvemento das actividades académicas e institucionais durante o curso 2026-2027. A función principal do Plan consiste en servir de guía para o traballo anual, facilitando a participación de toda a comunidade educativa na consecución de obxectivos comúns. Este documento pretende facilitar a coherencia entre as liñas estratéxicas do centro e as medidas concretas que se desenvolven no día a día, garantindo a coordinación e o correcto exercicio dos órganos e funcións do centro.

OBXECTIVOS PRIORITARIOS para o curso 2026-2027

A organización das actividades da ESADg para este curso xirará a redor dos seguintes obxectivos prioritarios:

1. **Promover o benestar, a convivencia, a igualdade e a inclusión na comunidade educativa**, favorecendo un clima de benestar, respecto, consentimento e colaboración.
2. **Aplicar medidas de renovación e innovación pedagóxicas**, mediante proxectos e accións que axuden a mellorar e ampliar as ensinanzas que na actualidade oferta a ESADg.
3. **Potenciar a estrutura organizativa e a capacidade funcional do centro**, actualizando e optimizando os procesos internos de xestión e traballando en prol da ampliación e renovación das instalacións, servizos e recursos.
4. **Favorecer a empregabilidade do alumnado**, ampliando a súa capacitación para integrarse no sector profesional galego, así como para desenvolverse en contextos estatais e internacionais.
5. **Impulsar a proxección social da arte dramática e das súas ensinanzas**, ampliando a relación co sector profesional galego e dando visibilidade ao traballo desenvolvido na escola e no sector profesional galego.

MEDIDAS ESPECÍFICAS para o curso 2026-2027

En función dos obxectivos prioritarios do centro, establécense unha serie de medidas específicas, vinculadas estreitamente con eses cinco obxectivos.

Medidas para a PROMOCIÓN DO BENESTAR, A CONVIVENCIA, A IGUALDADE E A INCLUSIÓN

1. Renovación e **activación dos equipos de convivencia e igualdade**.
2. Consolidación das **Xornadas de Creación e Convivencia** que se implantaron o curso pasado.
3. **Aprobación do Plan de Igualdade**.
4. Elaboración e difusión dunhas **Instrucións para a aplicación do Protocolo de Consentimento**.
5. Impulso de actividades que fomenten **a sensibilidade artística e o benestar emocional** da comunidade educativa.
6. Promoción de encontros e actividades de dinamización e formación nos campos d**a igualdade e a diversidade**.
7. Revisión dos currículos do centro para garantir a pluralidade de referentes e o respecto á **perspectiva de xénero e á inclusión**.
8. Reforma e **personalización de espazos comúns e aulas**, co fin de mellorar a súa funcionalidade e confort.
9. Ampliación do **horario de apertura da biblioteca** e fomento da súa **polivalencia**.
10. Realización de **actividades complementarias e extraescolares** que fomenten a **cohesión da comunidade educativa**.
11. Impulso da **responsabilidade colectiva** na xestión dos servizos do centro e no cumprimento de normas básicas de orde, limpeza e hixiene.
12. Fomento da **realización de presentacións didácticas e análise de resultados artísticos**.
13. Creación de **foros de aprendizaxe conxunta e debate** entre o profesorado.

Medidas para a RENOVACIÓN E INNOVACIÓN PEDAGÓXICAS

1. Continuación dun **programa formativo** bianual do profesorado, **centrado na creación nun novo plan de estudos** para as ensinanzas de arte dramática.
2. Deseño de **sistemas de creación interdisciplinar** compartidos pola comunidade edutativa.
3. Revisión das **guías docentes e programacións anuais** do centro.
4. Xeración de **espazos de creación e experimentación para o alumnado, sen avaliación académica**.

5. Conversión do centro nunha comunidade permanente de aprendizaxe, xerando, **propostas de mellora colectiva e institucional** que poidan presentarse publicamente e rexistrarse nun repositorio común.
6. Creación dun **servizo de orientación psicoeducativa**.
7. Elaboración de propostas que permitan o **tránsito á nova normativa autonómica derivada da Lei 1/2024 de Ensinanzas Artísticas Superiores**.
8. Proxección dun **Laboratorio da Fala Escénica** na ESADg.
9. Impulso da **mellora da fala escénica nos proxectos artísticos** da ESADg.
10. Avaliación do **esforzo académico** e da súa optimización.

Medidas para a ESTRUTURA ORGANIZATIVA E A CAPACIDADE FUNCIONAL DO CENTRO

1. **Mellora continua** da documentación **do Sistema de Garantía Interna de Calidade**.
2. Deseño dun **Plan de Comunicación** de centro.
3. Potenciación do **Claustro Virtual** como recurso do profesorado.
4. Optimización do **horario de gardas e servizos do profesorado**.
5. Actualización da **Guía do Alumnado** e da **Guía do Profesorado**.
6. **Aumento de equipamentos, recursos e medios** en función das actividades desenvolvidas polo centro e doutras que no futuro próximo se desenvolverán.
7. Procura da **ampliación dos recursos humanos** necesarios para o normal desenvolvemento da ESADg como centro de ensino superior (incremento do persoal de administración e servizos en Conserxería, Biblioteca, Comunicación, Limpeza, Mantemento, Orientación e, sobre todo, Técnica e tecnoloxía escénica).
8. Demanda dun **aumento no orzamento do centro**, indispensable para facer fronte ás necesidades de aprendizaxe que requiren, entre outros, os múltiples traballos de creación escénica que se desenvolven no centro.

Medidas para o FAVORECEMENTO DA EMPREGABILIDADE DO ALUMNADO

1. Dinamización da oferta e do coñecemento das **mobilidades Erasmus+**.
2. Exploración de novas posibilidades de **colaboración con entidades e institucións do campo audiovisual**.
3. Mellora do coñecemento do alumnado das **posibilidades laborais no campo teatral e audiovisual**.

Medidas para a PROXECCIÓN SOCIAL DA ARTE DRAMÁTICA E AS SÚAS ENSINANZAS

1. Deseño dun **Plan Estratéxico de Comunicación e Difusión**.

2. **Difusión máis ampla da oferta educativa do centro**.
3. **Promoción das creacións artísticas do alumnado** da ESADg.
4. Elaboración de nova e **mellor información sobre as probas de acceso** á ESADg.
5. Aumento da **visibilidade das actividades complementarias e extraescolares** da ESADg.

RECURSOS DO CENTRO para o curso 2026-2027

Os recursos do centro para a consecución dos obxectivos aquí amentados son:

1. O orzamento anual outorgado pola Consellería de Educación, Ciencia, universidades e Formación Profesional.
2. Os programas específicos, financiados pola Consellería, aos cales pode concorrer a ESAD de Galicia.
3. O orzamento derivado das convocatorias do programa Erasmus+ ás que concorre o centro.
4. Recursos humanos proporcionados pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

ESCOLA SUPERIOR DE
ARTE DRAMÁTICA
DE GALICIA